

Autor e ilustrador: **ANTONIO SANTOS**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.


48 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

-Castelán: "Pancho". Libros para Soñar. ISBN 978-84-933755-0-8

-Galego: "Pancho". Demademora. ISBN 978-84-8464-192-6

Prezo: 13 €



PANCHO

2º PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN 2003 INFANTIL-XUVENIL

Os homes tiñan algo que ao elefante Pancho lle gustaba moito, pero o seu pai sempre lle dicía: "Apártate do home!". Un día quixo probar sorte e saír buscar aquilo que para el era o máis importante do mundo. Ata que se topou cuns homes...

Con "Pancho", Antonio Santos fálanos da busca do descoñecido, da curiosidade, dos soños de fume que desaparecen ao pousarlles a man enriba. Pancho tiña o máis fermoso tapiz do mundo aos seus pés: a sabana. Pero desexaba, coma todos, aquilo que non estaba ao seu alcance, unha vulgar tea de cadros. Cando foi quen de acadala, e gracias a ela, descubriu a riqueza que tivera e que non soubera aproveitar.

Un conto que reivindica os dereitos dos animais, e que nos amosa o lado máis escuro do ser humano, capaz de romper coa riqueza da sabana por dar renda solta á súa ambición.

"Pancho" foi a primeira obra infantil de Antonio Santos. A este título seguiu a secuela titulada "A viaxe de Pancho", editada igualmente por KALANDRAKA, que tamén ten editada a obra "Historia da resurrección do papagaio", ilustrada por el.

ANTONIO SANTOS (Lupinén-Huesca, 1955)

Estudou na Academia R. Sanvisens e na Facultade de Belas Artes de Barcelona, na especialidade de Escultura, e despois na Facultade de Belas Artes de París, nun Taller de talla de pedra.

Leva máis de 25 anos desenvolvendo o seu traballo artístico, participando en numerosas exposicións individuais en España e Francia, en galerías coma a Sala Vergara ou a galería Foga de Barcelona, Galería S'Art de Huesca, La Malandrine, EMSTA, Atelier des Arts, o Salón de Arte de Versailles de París ou a May Moré, así como a Galería Juan Gris de Madrid. Pola súa traxectoria artística ten recibido galardóns coma

o Premio Eugenio D'Ors en 1989, entre outros, e foi seleccionado en diferentes ocasións nos Premios Villa de Madrid de Pintura e Escultura.

No eido da ilustración, realizou os linograbados da obra "Kafka", da Editorial Odradek de París, en 1994.

■ **Temática:** a liberdade, a natureza, os dereitos dos animais

■ **Idade recomendada:** dende 4 anos

■ **Aspectos destacables:** a aventura do protagonista continúa no álbum titulado "A viaxe de Pancho"; ilustracións elaboradas coa técnica do collage

